

Fiel á súa cita e esta vez no mes de marzo, en concreto o día 22, celebrouse, no seu lugar habitual, o Hall de Proa de PALEXCO (A Coruña), a décimo oitava edición da Feira Matemática, baixo o suxestivo lema *A Maxia das Matemáticas*.

Como é habitual, tómasse o proposto pola Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas (FESPM) para conmemorar o Día Escolar das Matemáticas. Cada ano, o día 12 de maio celébrase esta conmemoración en coincidencia co aniversario do nacemento dun dos máis grandes matemáticos españois: D. Pedro Puig Adam. Esta temática serve de fío condutor das actividades que se desenvolven na Feira, a través das distintas propostas dos centros participantes e, sobre todo, a través do concurso de Fotografía Matemática que, xunto cos de Esopías e Matmonólogos, volveron estar presentes na Feira.

A través destas actividades, preténdese achegar as matemáticas á realidade cotiá da nosa sociedade ao tempo que salientar a súa gran presenza nela.

Actividade



Cumprindo coa tradicional hora de comezo das once da mañá inaugurouse, no Hall de Proa do Edificio PALEXCO, a XVIII edición da man de D. Juan Ignacio Borrego Vázquez en representación da Concellaría de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica do Concello de A Coruña, e de D. Ricardo Cao Abad como reitor da Universidade da Coruña. Completou a presenza do acto inaugural D.^a M.^a Cristina Naya Riveiro como anfitroia e representante da zona delegada de A Coruña de AGAPEMA, asociación organizadora do evento.

Seguidamente, e mantendo as requiridas tradicións, realizouse na porta do edificio a tradicional foto de familia. A partir deste momento comezou o bulicio no interior das instalacións. Pouco a pouco os asistentes comezaron a encher o edificio de PALEXCO para ir descubrindo os *stands* que alí se atopaban. Pentaminós, figuras construídas con Tangram, estruturas con Palitroques e superficies regradas mostraron toda a súa maxia e mesturáronse cos magos, que cunhas pequenas preguntas eran quen de adiviñar o número que se estaba a pensar; maxia ou álgebra? E todo co fin de conseguir o ansiado “agapemo” que a modo de moeda permitiría aos asistentes trocalos por prezados tesouros antes de abandonar a Feira.



Malia a preocupación pola data, máis cedo que de costume, as persoas asistentes non esqueceron o seu compromiso e volveron encher PALEXCO, habendo momentos nos que era imposible moverse pola Feira. A media mañá e a partir das seis e media, foron de novo os momentos preferidos dos visitantes para acudir, contabilizando ao final da mesma, unhas catro mil persoas entre rapazada, pais e nais e xente de todas as idades.

Ao longo das sete horas de duración, cun pequeniño descanso para degustar os deliciosos bocatas que se ofreceron aos participantes, os visitantes foron pasando polos distintos *stands* que acollían a centros tan próximos como os da propia A Coruña, como a centros máis afastados de Baio ou Ferrol.

Ademais dos aprendices de magos de Primaria, ou dos un pouco máis expertos de Secundaria, que nos tentaban achegar a maxia das matemáticas á nosa realidade cotiá, tamén contamos este ano cun verdadeiro mago que fixo as delicias dos asistentes, así como coas habituais presenzas doutras entidades como a ETS de Náutica e Máquinas e a Facultade de Ciencias da Educación, ambas da UDC,



representantes da Federación Provincial de Anpas a través do seu Servizo Municipal de Educación e representantes do Centro Ágora e do Fórum Metropolitano, os rapaces e rapazas de Crecer Creando, o Instituto Galego de Estatística, os mozos de AtlanTIC, as prácticas de RCP do equipo de Protección Civil de A Coruña e a da Xefatura Provincial de Tráfico.

Non podemos rematar esta crónica sen lembrar outras das actividades que tiveron lugar durante toda a xornada, a Pescuda do Tesouro que comezou ás 11:45 e se desenvolveu durante toda a xornada case ininterrompidamente, os dous obradoiros de papiroflexia a cargo do noso colaborador habitual Roberto Santomé Varela e o fin de festa coa entrega dos premios dos nosos concursos de Fotografía Matemática, Esopías e Matmonólogos.





Pero, como en todo espectáculo de maxia, non podía faltar o truco final en forma de Bingo Matemático. Sempre nos deixa un recordo de alguén ben querido para nós, que nos fai seguir traballando con máis gana se cabe para a organización do vindeiro ano.

Comisión organizadora

- › Alberto Fortes Novoa
(IES García Barbón, Verín)
- › Carmen Peñamaría Ramón
(profesora xubilada)
- › César Docanto Vázquez
(IES David Buján, Cambre)
- › Elena Segade Pampín
(IES Alfredo Brañas, Carballo)
- › Enrique de la Torre Fernández
(Facultade de Ciencias da Educación, Universidade da Coruña)
- › Francisco Vila Baleato
(IES Rego de Trabe, Culleredo)
- › Isabel Miguélez Pose
(profesora xubilada)
- › José Francisco Balsa González
(CIFP Universidade Laboral, Culleredo)
- › M.^a Alicia Vázquez Veiga
(profesora xubilada)
- › M.^a Cristina Naya Riveiro
(Facultade de Ciencias da Educación, Universidade da Coruña)
- › M.^a Pilar Orizales Teijeiro
(IES Monte das Moas, A Coruña)
- › Óscar Domínguez Pérez
(CFR de A Coruña)
- › Raquel Seisdedos Hermo
(IES Eduardo Blanco Amor, Culleredo)
- › Sandra Sambade Nieto
(IES Miraflores, Oleiros)
- › Santiago López Arca
(profesor xubilado)
- › Marisol Pérez Blanco
(profesora xubilada)